



Comisión Europea - Representación en España

DEPARTAMENTO DE PRENSA

Pº de la Castellana, 46 - 28046 MADRID - Tfno: 91 423 8020 Fax: 91 577 2923
miguel.puente-pattison@ec.europa.eu - <http://ec.europa.eu/spain>

Madrid, 7 de xullo de 2009

A Comisión Europea financiará os cursos intensivos das linguas cooficiais do Estado español para os estudantes Erasmus

Dende o curso 2010-2011, a Comisión Europea financiará os cursos intensivos das linguas cooficiais do Estado español para os estudantes Erasmus das universidades onde estas linguas son empregadas.

Deste xeito o galego, como o resto das linguas cooficiais do Estado, incorporárase á lista de linguas que se ofrecen nos cursos intensivos Erasmus que financia a Comisión Europea no marco do seu Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP). Trátase de cursos que se ofrecen ó país de acollemento xusto antes de que os estudantes inicien o curso e que ata o de agora só se impartían para as linguas oficiais da UE (agás inglés, francés, castelán, alemán e italiano, que xa contan cunha boa estrutura de ensino ofrecida polos Estados membros) e para o islandés, noruegués e turco.

Os cursos intensivos de lingua Erasmus ofrecen ós estudantes que desexen participar no Erasmus a oportunidade de estudar un idioma, durante dúas a seis semanas, de tal xeito que podan prepararse para o período de estudos Erasmus ou para as súas prácticas no estranxeiro. Durante o curso 2006-2007, máis de 4.000 estudantes participaron nestes cursos, desenrolados no país de acollemento.

Para máis información:

- Comisión Europea: [Erasmus Intensive Language Courses](#) [o Cursos intensivos de lingua Erasmus]
- Representación da Comisión Europea en España:
Paseo de la Castellana, 46
E-28046 Madrid
Teléfono: 914238021
Nome: Miguel Puente Pattison

Correo electrónico: miguel.puente-pattison@ec.europa.eu